

CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A MANC. DE SANTA AGUEDA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2016, 2017 E 2018, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

O 23 de xuño de 2016

Por unha banda, , **conselleira do Medio Rural**, en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, , **representante da mancomunidade de Santa Águeda**, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio marco.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

SEGUNDO.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios.

TERCEIRO.- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Así, no artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén no seu artigo 59 establece que: *“Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico.*

A Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a redacción dos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais nos termos establecidos no artigo 16 e para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión da biomasa das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2, e co fin de que poidan ter recursos para exercer as competencias previstas nela consonte o artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia”.

CUARTO.- As accións en materia prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural (FEADER) foron incorporadas na submedida 8_3 do PDR Galicia 2014_2020 aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) núm. 8144 do 18 de novembro de 2015. E en concreto están previstas nas seguintes normas:



- Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).
- Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (Ce) núm. 2799/98, (CE) núm. 814/2000, (CE) núm. 1290/2005 e (CE) núm. 485/2008 do Consello
- Regulamento de execución (UE) núm. 808/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento e do Consello, relativo á axuda de desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).
- Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

QUINTO.- Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre, pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abran todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno

galego como de medio e alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais.

En todo caso, cómpre lembrar que tódalas entidades locais de Galicia, segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiación con FEADER.

SEXTO.- Á vista do exposto débese recoñecerse que as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais, polo que a Consellería do Medio Rural no marco descrito nos anteriores expoñendos ofrece a tódalas entidades locais de Galicia colaboración económica para financiar algunha/s das seguintes accións:

- Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba de propiedade municipal financiado con fondos propios da CA.
- A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado financiado con fondos FEADER.
- A contratación de brigadas para o desenvolvemento de:
 - Labores de vixilancia e defensa financiado con fondos propios da CA e
 - Para a realización de traballos de prevención de forma manual financiado con fondos FEADER.

Polo exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a MANC. DE SANTA AGUEDA no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016,

2017 e 2018, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de tódolos recursos que se inclúen neste convenio.

SEGUNDA.- ACCIÓNS OBXECTO DE ACORDO.

As accións de prevención e defensa contra os incendios forestais a executar pola mancomunidade, no marco deste convenio, son as que se especifican no anexo I.

Só será de aplicación o clausulado do convenio relativo ás accións de prevención e defensa contra os incendios forestais descritas no anexo I, que a mancomunidade e a Consellería acordan executar.

TERCEIRA.- DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE TRABALLOS PREVENTIVOS

5. Os traballos a realizar, tanto tratamentos preventivos de xeito mecanizado como traballos de prevención das brigadas de forma manual, planificaranse previamente a través dun único Programa de Actuacións Preventivas a presentar pola mancomunidade cos contidos e prazos recollidos no anexo V.
6. O Programa de Actuacións Preventivas presentarase para a súa revisión no Distrito Forestal. Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados no presente convenio, farase unha inspección previa á iniciación da obra por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos e emitírase un informe. De ser favorable o informe emitido, o Programa de Actuacións Preventivas será aprobado pola Comisión de Seguimento. Unha vez aprobado por dita Comisión o Programa de Actuacións Preventivas a mancomunidade achegará unha comunicación de inicio dos mesmos ao Distrito Forestal.
7. O prazo máximo para a presentación do Programa de Actuacións Preventivas será: para o ano 2016 dun mes desde a sinatura do convenio, para os anos 2017 e 2018 até o 31 de marzo para cada ano.

8. A falta de presentación do Programa de Actuacións Preventivas pola mancomunidade ou o sometemento dun Programa tan defectuoso que imposibilite o desenvolvemento dos traballos será causa de resolución do presente convenio.

CUARTA.- CONTRATACIÓN DE MEDIOS NECESARIOS POLA MANCOMUNIDADE

5. A mancomunidade colaboradora, para as accións de realización de tratamentos preventivos e a actuación de brigadas, poderá realizar as tarefas sinaladas no presente acordo con medios propios (servizos municipais e/ou encomendas de xestión), empresas do sector (empresas contratadas polo concello ao abeiro do disposto no TRLCSP) ou empresas publicas (municipais ou alleas).
6. A mancomunidade colaboradora, para a acción de actuación vehículos motobomba, realizará as tarefas sinaladas mediante medios propios.
7. Todo persoal de medios propios que participe ao abeiro deste convenio, desenvolvendo as accións descritas, dependerá tanto xurídica como organicamente da mancomunidade e en ningún caso terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia. Polo tanto, a mancomunidade asumirá o pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas, vacacións no seu caso, substitucións, imposición cando proceda de sancións disciplinarias e cantos efectos de seguridade social se deriven, en particular o abono de cotizacións e o pago de prestacións e cantos outros dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.
8. A mancomunidade deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

QUINTA.- COMPROMISOS DA MANCOMUNIDADE

A mancomunidade, en calquera das accións propostas no convenio, comprométese a:

7. Colaborar no financiamento do convenio nos termos que establece a cláusula seguinte.

8. Someterse ás actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como os controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas parcialmente con fondos comunitarios.
9. Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 66.1.c) i) do Regulamento (UE) núm. 1305/2013.
10. Proporcionar á Autoridade de xestión do PDR, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que dita autoridade delegara a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades, tal como establece o Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, establece no artigo 71 o compromiso por parte dos beneficiarios de axudas no marco das medidas de desenvolvemento rural.
11. A sinatura do presente convenio pola mancomunidade conleva a declaración do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
12. Acreditar que a mancomunidade cumpriu o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de acordo co indicado no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

SEXTA.- COMPROMISOS DA MANCOMUNIDADE NA ACCIÓN DE ACTUACIÓN DE VEHÍCULOS MOTOBOMBA (VMB/S).

A mancomunidade, na acción de vehículos motobomba, comprometese a:

8. Dispoñer de persoal encargado do manexo do/s VMB/s que deberá contar, como mínimo, co equipo obrigatorio de protección individual para realizar a súa función conforme ás normas do “Real Decreto 1407/92, do 20 de novembro, por el que se regulan las condiciones de comercialización y libre circulación intracomunitaria de los equipos de protección individual”.
9. O/s VMB/s incluído/s neste convenio estará/n e permanecerá/n en perfectas condicións mecánicas e de dotación, contando co equipamento mínimo especificado no Anexo II. Así mesmo, estará/n ao corrente en toda a documentación, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas dos seguros, impostos, etc. A mancomunidade comprométese a efectuar as reparacións e revisións o antes posible e sempre a conta deste, para garantir o seu continuo funcionamento.
10. Manter operativo/s o/s VMB/s durante cada un dos meses de vixencia do convenio, estando operativo/s dito/s vehículo/s polo menos 16 horas ao día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante toda a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa/n requirido/s para a extinción destes.
11. Garantir a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento do/s VMB/s, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza a mancomunidade.
12. Realizar, previamente á contratación do persoal encargado do manexo e actuación do/s VMB/s un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. Na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente existe unha recomendación técnica sobre procedementos para a selección de persoal para a extinción de incendios forestais onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición física:
<http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios->



[forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx](https://www.xunta.gal/forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx).

A

mancomunidade será responsable de que só se incorporen os motobombistas que superen o recoñecemento médico e as probas de esforzo segundo esta recomendación técnica.

13. Debido á especificidade dos traballos a realizar, priorizaranse os candidatos que teñan experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais.

14. Integrarse no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe a mancomunidade, priorizando a actuación dos VMB/s na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do seu termo municipal, conforme ao previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

SÉTIMA.- COMPROMISOS DA MANCOMUNIDADE NA ACCIÓN DE ACTUACIÓN DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS.

A mancomunidade, na acción de actuación de tratamentos preventivos, comprométese a:

4. Manter a maquinaria empregada para estas labores en perfectas condicións mecánicas e de dotación, cumprindo coas obrigas administrativas correspondentes.
5. Realizar traballos consistentes na roza mecanizada da faixa auxiliar en ambas marxes da vía, mediante pase de rozadora de brazo hidráulico axustada a tractor. Incluírse nesta actuación o desbroce de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario.
6. Realizar os traballos en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre das cales a mancomunidade teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de

propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición, consonte ao disposto na táboa de tipos de combustible disposta no Anexo III ao presente convenio.

OITAVA.- COMPROMISOS DA MANCOMUNIDADE NA ACCIÓN DE ACTUACIÓN DE BRIGADAS

A mancomunidad, na acción de actuación de brigadas, comprométese a:

12. Dispor, en todo momento, de brigadas efectivas compostas por 4 ou 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento das mesmas para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza a mancomunidad.

13. A que cada brigada que se forme estará composta por:

d. Un xefe de brigada en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá o carné de conducir B.

e. Un peón condutor que terá o carné de conducir B.

f. Dous ou tres peóns de brigada.

14. Que os compoñentes da brigada realicen labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexa requiridas para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

15. Realizar, previamente á contratación do persoal integrante da brigada un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións

de saúde para o traballo a realizar. Na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente existe unha recomendación técnica sobre procedementos para a selección de persoal para a extinción de incendios forestais onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición física: http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx. A

mancomunidade será responsable de que só se incorporen ás brigadas as persoas que superen o recoñecemento médico e as probas de esforzo segundo esta recomendación técnica.

16. Debido á especificidade dos traballos a realizar, priorizaranse os candidatos que teñan experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais.
17. Que os compoñentes da brigada realicen un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia do curso: enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal, contendo cando menos as materias establecidas no Anexo IV ao presente convenio. Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.
18. Dotar a cada membro que integra a brigada como mínimo co equipo obrigatorio de protección individual e ferramentas (batelumes e outras) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “*Comité de Lucha contra Incendios Forestales*” (CLIF) ou polo Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).
19. Dotar a cada brigada dun vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e que estará ó corrente en toda a documentación e obrigas administrativas que leva aparelas segundo a lexislación vixente (ITV, pólizas de aseguramento, impostos, etc).
20. A brigada integrarase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe a mancomunidade, priorizando a actuación da brigada na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003,

de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do seu termo municipal, conforme ao previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

A integración no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante SPDCIF) realizárase baixo o mando único descrito no PLADIGA. A mancomunidade adherirase ao procedemento operativo do PLADIGA 2016 como plan director. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do SPDCIF ao responsable da brigada.

21. Garantir a colaboración e coordinación co despregue de medios, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento da brigada para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal. O responsable da brigada será o interlocutor co que se relacionará unicamente o persoal do SPDCIF e será a quen lle corresponda impartir directamente as ordes e instrucións de traballo ao resto da brigada municipal.
22. Realizar as labores de prevención, que consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional e desenvolveranse en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales a mancomunidade teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos.

NOVENA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

3. A Consellería do Medio Rural porá a disposición da mancomunidade os medios de comunicación precisos para a integración do/s VMB/s e brigadas na Rede de Radio do



SPDCIF, sendo responsabilidade da mancomunidade calquera deterioro que sufran estes equipos polo uso non axeitado para a súa finalidade e devolvelos unha vez finalizada a vixencia deste convenio en perfecto estado.

4. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

DÉCIMA.- PRAZO DE INICIO DA OPERATIVIDADE

3. Os prazos (en meses) de operatividade anual obxecto do convenio para as VMB/s e brigadas serán os seguintes:
 - a. 0,00 meses o período de operatividade para cada un dos 0,00 vehículos motobombas.
 - b. 3 meses o período de operatividade para cada brigada conveniada.
4. O comezo de operatividade dos medios será entre os días 1 e 31 de xullo. Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente nun máximo de 31 días naturais, o que quedará acreditado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de inicio. Neste caso o período previsto de operatividade contarase a partir desa nova data, sen que o prazo máximo das actuacións a desenvolver e a súa xustificación poidan superar cada ano o límite establecido na cláusula décimo quinta.

UNDÉCIMA.- ORZAMENTO

5. Os custos das accións para desenvolver o presente convenio repartiranse entre a Consellería do Medio Rural e a mancomunidade.
6. O convenio financiarase pola Consellería do Medio Rural cunha contía anual de 171.050,10 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.551-B. 760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2016, 2017 e 2018. Para un total de 513.150,30 €.

7. O importe anual desagregado segundo natureza dos fondos e código de proxecto en dita aplicación orzamentaria será a seguinte:

c. Cód. proxecto 2011 00771 (Fondos propios da CA): 79.673,10 €/ano

d. Cód. proxecto 2016 00212 (FEADER): 91.377,00 €/ano

8. A parte correspondente a cada mancomunidade será efectuada directamente por cada mancomunidade, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponda.

DUODÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES NAS ACCIÓNS DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN (FONDOS PROPIOS)

3. Son gastos subvencionables na acción de actuación de vehículos motobomba aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e que se realicen dende o inicio da operatividade do/s VMB/s ata o prazo de finalización da mesma, incluíndo os gastos de persoal, o funcionamento e mantemento dos vehículos motobombas, dos recoñecementos médicos e probas de esforzo, dos cursos de formación, así como da subministración de EPIs de extinción e ferramentas de extinción.

Pola operatividade de cada vehículo motobomba abonaranse 4.785,00 €/mes.

4. Son gastos subvencionables na acción de actuación de brigadas en labores de vixilancia e extinción aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e que se realicen dende o inicio da operatividade das brigadas ata o prazo de finalización da mesma, incluíndo os gastos de persoal, o funcionamento e mantemento de vehículos de transporte, dos recoñecementos médicos e probas de esforzo, dos cursos de formación, así como da subministración de EPIs de extinción e ferramentas de extinción (batelumes, pulaskis, etc).

Polas labores de vixilancia e extinción da brigada de prevención e defensa, dependendo do número de integrantes da brigada, para os tres meses de campaña abonarase un máximo de:

- c. Brigadas de 4 compoñentes: Once mil catrocentos oitenta e un euros con catro céntimos (11.481,04 €).
- d. Brigadas de 5 compoñentes: Quince mil novecentos trinta e catro euros con sesenta e dous céntimos (15.934,62 €).

DÉCIMO TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES NAS ACCIÓNS DE PREVENCIÓN (FEADER)

- 4. Son gastos subvencionables na acción de tratamentos preventivos de xeito mecanizado os derivados da execución de actuacións mediante desbroce mecanizado.

A Consellería abonará até un máximo de **130,10 €/ha**, cantidade que corresponde á porcentaxe do 100,00% sobre a prezo de custe da actuación.

DESCRICIÓN	IMPORTE MÁXIMO(€/ha)	PORCENTAXE SUBVENCIONAR A
Roza mecanizada dunha hectárea de con rozadora de cadeas ou similar en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%) e cunha superficie cuberta ou semicuberta de matogueira ou herbácea.	130,10	100,00 %

- 5. Son gastos subvencionables na acción de tratamentos de prevención de xeito manual os derivados da execución de actuacións manuais de roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional.

A Consellería abonará até un máximo da cantidade que corresponde á porcentaxe do 100,00% sobre a prezo de custe da actuación.

TIPO TRABAJO	ESTRATO	DIÁMETRO BASAL	PENDENTE TERREO	IMPORTE MÁXIMO(€/ha)	% A SUBV.
--------------	---------	----------------	-----------------	----------------------	-----------



Roza manual	Matogueira	Igual ou inferior a 3 cm	Pendientes inferiores ao 50%	1.121,10	100 %
Roza manual	Matogueira	Igual ou inferior a 3 cm	Pendientes iguais ou superiores ao 50%	1.195,84	100 %
Roza manual	Matogueira	Comprendido entre 3 e 6 cm	pendientes inferiores ao 50%	1.464,90	100 %
Roza manual	Matogueira	Comprendido entre 3 e 6 cm	pendientes iguais ou superiores ao 50%	1.793,76	100 %

A Consellería abonará un máximo de 11.250,00 € / brigada, para a execución das actuacións anteriores nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional, con:

6. Con carácter xeral, nas accións de prevención:

- c. Os traballos preventivos incluídos neste convenio serán cofinanciados polo FEADER nun 75%, 7,5 % pola Administración xeral do Estado (AXE) e nun 17,50% pola Xunta de Galicia. Estas labores de prevención enmárcanse dentro da medida 8.3 Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020.
- d. Os importes dispostos nos apartados anteriores desta cláusula terán a consideración de custos de referencia que suporán límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, consonte o establecido no artigo 67.1.a) do Regulamento (UE) 1303/2013. Por esta razón, esixírase aos beneficiarios da axuda que presente xunto coa solicitude de pago facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e xustificante de pago.

DECIMO CUARTA.- PAGOS ANTICIPADOS

A consellería poderá realizar un pago anticipado anual de ata un 90% do importe total de cada anualidade para accións de operatividade de motobombas e labores de vixilancia e extinción de brigadas á sinatura do convenio, de acordo ao establecido no artigo 63.4 do

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e previo envío en cada unha das anualidades, por parte do distrito forestal, do informe favorable da operatividade de:

3. O/s VMB/s no que se reflectirá, cando menos; nomes do persoal encargado do manexo do/s VMB/s, con especificación do responsable e do número de teléfono de contacto, equipamento obrigatorio de protección individual, segundo estipula o Anexo II, equipamento mínimo para o/s VMB/s, segundo estipula o Anexo II, facendo constar ademais que están ao corrente en toda a documentación deste/s e finalmente indicará a data de inicio e operatividade do/s VMB/s.
4. Operatividade das brigadas, no que se reflectirá, cando menos; nomes do persoal que a compoñen, coa desagregación entre o xefe de brigada (como responsable) e os restantes compoñentes, verificación das probas físicas, recoñecemento médico, formación, vehículo empregado, EPIs e ferramentas e finalmente indicará a data de inicio e operatividade da brigada.

A xustificación anual dos anticipos establecidos realizarase coa documentación xustificativa do pagamento final.

DECIMO QUINTA.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

O prazo de presentación anual da documentación xustificativa das accións derivadas do convenio rematará o 15 de outubro de cada ano, para aqueles casos nos que a operatividade finalice antes do 1 de outubro.

Por causas xustificadas (remate da operatividade anual das VMB/s ou brigadas), a operatividade poderá finalizar despois do 1 de outubro de cada ano, suposto no que o prazo de xustificación será de 15 días dende o remate da mesma. En todo caso o prazo de xustificación anual deberá respectar o principio de anualidade.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS A PRESENTAR POLA MANCOMUNIDADE EN MATERIA DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN (FONDOS PROPIOS)

5. Para proceder ao pagamento final dos gastos derivados das accións de defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba e de vixilancia e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas, a mancomunidade deberá presentar a seguinte documentación xustificativa:
- a. Certificación relativa ao cumprimento da finalidade do convenio e aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada.
 - b. Unha relación dos distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, distinguindo os gastos imputables ao primeiro pagamento, a modo de anticipo, no caso de telo percibido, do resto de gastos.
 - c. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .
6. No caso de que a mancomunidade externalice a acción de vixilancia e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas, estarase ao disposto no artigo 10. e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que esixe os tres orzamentos que prevé o artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola mancomunidade con anterioridade á finalización do período de xustificación.
8. A mancomunidade deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.



DECIMO SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS A PRESENTAR POLA MANCOMUNIDADE EN MATERIA DE PREVENCIÓN (FEADER)

2. Para proceder ao pagamento final dos gastos derivados das accións de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e prevención contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas a mancomunidad deberá presentar a seguinte documentación xustificativa:

- a. Solicitude de pagamento.
- b. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c. Declaración relativa ao cumprimento da finalidade do convenio en materia de prevención contra incendios forestais e a aplicación dos fondos necesarios para a execución desta parte do convenio.
- d. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do convenio en materia preventiva detallando a superficie mecanizada obxecto de actuación. Ditas superficies deberán ser obrigadamente aquelas aprobadas no Programa de actuación previamente preparado e aprobado.
- e. Memoria económica xustificativa do convenio en materia preventiva.
- f. Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, número de factura, e importe sen imposto sobre o valor engadido (IVE), importe con IVE, data de emisión da factura e data de pagamento. O IVE non será subvencionable con FEADER, debendo soportalo o propio beneficiario.
- g. A intensidade de axuda ascenderá a:



- i. 100% para os tratamentos preventivos de xeito mecanizado. Cun importe máximo por hectárea de: 130,10 €/ha. O importe máximo é o reflectido no punto 2b do anexo I.
 - ii. 100% para os tratamentos preventivos de xeito manual. Cun importe máximo de 11.250 €/brigada cada ano. Variando o importe máximo por hectárea segundo diámetro basal da matogueira e pendente do terreo.
- h. Máis aló das obrigas dispostas no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en materia de límites máximos para aplicar a obriga de solicitar, cando menos, un mínimo tres ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles, o feito de que o financiamento das actuacións sexan con fondos europeos FEADER, impón, consonte o artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014 no que se establecen disposicións relativas aos controis, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural moderación dos custos propostos, que se avaliarán mediante un sistema adecuado de avaliación, como os custos de referencia, a comparación de ofertas diferentes ou un comité de avaliación. Por tanto a exigencia de solicitude dun mínimo de tres ofertas establecido aplicarase independentemente da contía de licitación.
- i. No suposto de custo por execución de obra ou servizo o beneficiario deberá achegar a xustificación de ter solicitado como mínimo tres ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles, con carácter previo á contratación, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades. Esta xustificación poderá realizarse mediante a acta de apertura da licitación e a resolución de adxudicación da mesma ou a remisión das ofertas solicitadas. A elección entre as ofertas presentadas deberá recaer na máis económica, xustificando debidamente unha memoria a elección noutro senso.



j. Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e a do pagamento, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados. A orde destes documentos deberá ser, na medida do posible, a mesma que a da relación clasificada de gastos e investimentos da actividade.

3. A mancomunidade deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

DÉCIMO OITAVA.- ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN POR PARTE DA CONSELLERÍA

7. En materia de actuación de VMB/s a Consellería emitirá unha certificación expedida por dous funcionarios responsables do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co SPDCIF foi satisfactoria ou non.

No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, modificarase á baixa o pagamento da cantidade comprometida no convenio.

Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicte que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ao total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.

8. En materia de actuación de brigadas para labores de vixilancia e extinción de incendios, a consellería emitirá unha certificación expedida por dous funcionarios responsables do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co SPDCIF foi satisfactoria.

No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, acordarase a modificación á baixa ou o impagamento da cantidade comprometida no convenio.

Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicta que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ó total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.

9. En materia de prevención contra incendios (mecanizada e manualmente), a consellería emitirá certificación expedida por dous funcionarios, un deles diferente ao que realizou a inspección previa, en materia dos traballos de prevención de incendios na cal se indique se as obras realizadas foron executadas de conformidade, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas, e que deberá coincidir co Programa de Actuación aprobado pola comisión de seguimento. Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra en materia de prevención das aprobadas.

No caso de que a superficie xustificada pola mancomunidade coa notificación de remate dos traballos, supere en máis dun 10% a superficie da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural, reducirase a subvención a percibir, resultante da comprobación final, coa diferenza entre ambos importes (calcularase o importe mediante a diferenza do número de hectáreas polo custe unitario). Non obstante, non se aplicará ningunha redución se o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe xustificado.

10. O órgano xestor poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables conforme ao disposto no artigo 48 do Regulamento 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen as disposicións de aplicación do regulamento (CE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e no artigo 30.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Emitirase certificación expedida na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas.



11. Teranse en conta os criterios xerais para a aplicación de reducións, sancións e exclusións ditados polo Fondo Español de Garantía Agraria a Circular de coordinación 23/2015 nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado do período 2014-2020. Igualmente tomarase en consideración a Circular de coordinación 22/2015 relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidos no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020.
12. A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de solicitar tanta documentación considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

DÉCIMO NOVENA.- REINTEGROS.

6. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
7. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.
8. No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.
9. No suposto de reintegro de axudas concedidas con cargo a fondos propios, os xuros de demora esixíranse dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, tal e como establece no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
10. No suposto de reintegro de axudas concedidas con cargo a fondos FEADER, os xuros de demora calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución. O tipo de interese aplicable calcularase de acordo co Dereito nacional, pero non poderá ser inferior ao tipo de

interese aplicable á recuperación de importes en virtude das disposicións nacionais, segundo describe o artigo 7 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da comisión do 17 de xullo de 2014.

VIXÉSIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

3. Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo xefe territorial da Consellería do Medio Rural (ou representante en quen delegue), un representante da mancomunidade e o xefe do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (ou representante en quen delegue). Son funcións desta comisión de seguimento:

- a. Velar polo cumprimento do convenio.
- b. Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- c. Aprobar o Programa de actuación de traballos preventivos.
- d. Aprobar a ampliación da data de inicio da operatividade dos medios nun máximo de 31 días naturais cando dito comezo se demorase, por causas xustificadas, máis aló do e 31 de xullo.

4. Esta comisión reunirase inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade. Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- INTERPRETACIÓN

A Consellería do Medio Rural interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- RESCISIÓN DO CONVENIO

Será motivo de rescisión do presente convenio o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a Comisión de Seguimento, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de mora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

A mancomunidade presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Asemade o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (Diario Oficial de Galicia nº 30, do 15 de febreiro de 2016), impón a cada consellaría ou entidade que remita para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano, unha relación dos convenios subscritos referida ao cuadrimestre anterior. Alén do texto do convenio, deberá facerse pública a correspondente memoria na cal se xustifique a utilización desta figura.

Asemade en materia de fondos FEADER (desbroces manuais e mecanizados) as obrigas en materia de publicidade veñen recollidas no punto 2 da parte 1 do anexo III do Regulamento de Execución (UE) núm. 808/2014, da Comisión do 17 de xullo. En todas as actividades de información e comunicación que se desenvolvan, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do FEADER mostrando:

- a) O emblema da Unión.
- b) Unha referencia á axuda do FEADER.

Durante a realización da operación, o beneficiario informará ao público da axuda obtida do FEADER, da seguinte forma:

- a) Presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web, e a axuda prestada pola operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión.
- b) No caso de operacións non comprendidas no punto c (obras de infraestruturas ou construción que se benefician dunha axuda pública total de importe superior a 500.000 euros), atenderase as seguintes obrigas: As operacións que reciban unha axuda pública total superior a 10.000 euros, en función da operación financiada colocarán polo menos un panel coa información acerca da operación (de tamaño mínimo A3), onde se destaque a axuda financeira recibida pola Unión, nun lugar visible para o público. Cando a operación no marco dun PDR dea lugar a unha inversión, que reciba unha axuda pública total superior a 50.000, o beneficiario colocará unha placa explicativa coa información sobre o proxecto, na que se destacará a axuda financeira da Unión.

VIXÉSIMO QUINTA.- NATUREZA DO CONVENIO E NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdición contencioso administrativa.

En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.

VIXÉSIMO SEXTA.- DAS MODIFICACIÓNS AO PRESENTE CONVENIO

O presente convenio poderá ser obxecto de modificacións xustificadas trala tramitación da necesaria Addenda e seguindo todos os trámites necesarios para a súa oportuna formalización.

VIXÉSIMO SÉTIMA.- DOS MODELOS ORIENTATIVOS A PRESENTAR

Na páxina web da Consellería do Medio Rural estará dispoñibles, cando menos, todos os modelos orientativos necesarios para a xustificación, pola banda do beneficiario, dos traballos realizados segundo as condicións establecidas no presente convenio. O enlace é:

http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/forestal/incendios_forestais/

VIXÉSIMO OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura e ata o 31 do decembro do 2018.

En proba de conformidade, as partes asinan por triplicado na data e lugar ao inicio mencionados.

A conselleira do Medio Rural

O representante da Manc. de Santa
Águeda



ANEXO I. ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS A EXECUTAR POLA MANC. DE SANTA AGUEDA, NO MARCO DESTE CONVENIO

A mancomunidade comprométese de forma anual ao desenvolvemento das seguintes accións:

4. Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de 0,00 vehículo/s motobomba/s durante 0,00 meses.
 - a. Matrícula/s de motobomba/s:
 - b. Axuda máxima: 4.785,00 € /mes e motobomba
 - c. Total anual axuda máxima: 0,00 €
 - d. Anticipo anual (90%): 0,00 €
 - e. Restante (10%): 0,00 €
5. A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en 270,00 hectáreas.
 - a. Axuda máxima: 130,10 € /ha
 - b. Total anual axuda máxima: 35.127,00 €
6. A contratación de 5 brigadas, de 5 operarios cada unha, para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10,03 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual.
 - a. Total axuda anual máxima vixilancia/defensa: 79.673,10 €
 - b. Anticipo anual (90%) vixilancia/defensa: 71.705,79 €
 - c. Restante (10%) vixilancia/defensa: 7.967,31 €
 - d. Axuda anual máxima prevención: 11.250 € /brigada
 - e. Total axuda anual máxima prevención: 56.250,00 €
 - f. Total axuda anual en materia de labores brigada (a+e): 135.923,10 €



ANEXO II. EQUIPOS DE PROTECCIÓN EN ACTUACIÓN MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA

Equipos de protección

Toda prenda ou accesorio deberá estar certificado conforme establece o Real decreto 1407/92 do 20 de novembro, de aplicación no noso país da Directiva Comunitaria 89/686 CEE para a realización destes traballos, e de acordo con esta normativa, os EPIs serán de CATEGORÍA 2.

EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL		
EQUIPAMENTO OBRIGATORIO	Mono	Tecido ignífugo resistente ó desgarro. Pechado con cremallera metálica inoxidable oculta baixo tapeta. Cosido con fío ignífugo, de meta-aramida ou equivalente.
	Botas	Sola de goma dura, labrada e antideslizante. Cosida, vulcanizada ou pegada. Resistente ó calor por contacto (certificación HRO). Illamento térmico do piso (certificación HI). Plantilla anticalórica. De media cana de coiro negro, impermeabilizada e transpirable.
	Casco	Non metálico, ininflamable, non conductor da electricidade. Con barbuqueixo regulable
	Luvas	De pel natural transpirable, suave, flexible. Axustados ao pulso. Con mosquetón: enganche e beira de suxeición inoxidables.
	Mascarilla e	Antialérxica, suave, flexible, con bordes



	filtros	redondeados. Cubrirá só a zona buco-nasal. Amplo campo de visión. Con filtros duros para fumes, pos e neblinas.
	Gafas	Visor incoloro, transparente e flexible e tratado contra o empañamento. Un só plano frontal, opticamente neutro e resistente ó impacto.
	Protector do pescozo	Prenda de tecido ignífugo acoplado no casco que cubre alomenos a parte posterior do colo.
EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO RECOMENDABLE	Cinto	Tecido forte provisto de peches, ollais e presillas metálicas e inoxidables. Bordos rematados e reforzados
	Lanterna	
	Camiseta	

EQUIPAMENTO MINIMO PARA OS VEHICULOS MOTOBOMBA

5. Mangotes (6 metros en 4 tramos) coas súas chaves correspondentes.
6. Mangueras (25 mm diámetro; 15 tramos de 20 m; 45 mm de diámetro; 4 tramos de 15 m)
7. Lanzas (3 de 25 TB e 2 de 45 TB)
8. 2 Bifurcacións 45TB/25TB con válvulas de paso.
2 Reduccións de 45 TB/25TB
1 válvula de corte con racor TB 25
5. Xuntas de racores (mínimo 5 de 25 TB e 5 de 45 TN)

BOTIQUÍN: un por vehículo motobomba

EXTINTOR: un por vehículo motobomba

Comprobación de certificación:

- Etiquetado da prenda ou accesorios con marcado CE e simboloxía que indique "para que" está certificado, talla, nome do fabricante, ano de fabricación e composición do tecido.
- Toda prenda ou accesorio levará un folleto informativo adxunto para o usuario onde se indique o uso para o que foi confeccionado e certificado, e a súa vida útil.



ANEXO III. PARÁMETROS DE XESTIÓN DE BIOMASA PARA A REALIZACIÓN DE TRATAMENTOS SILVÍCOLAS PREVENTIVOS DE XEITO MECANIZADO

A mancomunidade comprométese a realizar tratamentos silvícolas de xeito mecanizado en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre das cales a mancomunidade teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición, consonte ao disposto na táboa seguinte.

ESTRATO	ESPECIE VEXETAL	PARÁMETROS DE XESTIÓN DE BIOMASA
Estrato arbustivo	Queiruga: <i>Calluna vulgaris</i>	Eliminación e retirada total das especies sinaladas
	Carqueixa: <i>Chamaespartium tridentatum</i>	
	Xesta: <i>Cytisus spp</i>	
	Uz, carpaza: <i>Erica spp</i>	
	Xesta, piorno: <i>Genista spp</i>	
	Fento: <i>Pteridium aquilinum</i>	
	Silva: <i>Rubus spp</i>	
	Toxo: <i>Ulex europaeus</i>	
Estrato herbáceo	Todo tipo de herbáceas	Permítese un estrato herbáceo verde cun volume inferior a 2.000 m ³ /ha (valor medio de 20 cm de altura)
Estrato arbóreo		A distancia mínima entre plantas será de 7 m mantendo as copas tanxentes. A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do solo. Retíranse os restos.
Todo tipo de vexetación seca (arbórea, arbustiva e herbácea)		Eliminación e retirada total



ANEXO IV. O PROGRAMA DE FORMACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS.

O programa de formación a impartir pola mancomunidade incluírá alomenos os seguintes contidos:

- A defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 h.
- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 h.
- Ferramentas, 1 h.
- Extinción e liquidación, 1,5 h.
- Conducción de vehículos todoterreo, 0,5 h.
- Seguridade laboral en incendios forestais, 1 h.
- Primeiros auxilios, 2 h.
- Traballo co vehículo motobomba 2,5 h.
- Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 h.
- EPI e comunicacións, 1 h.
- Seguridade e saúde e Partes, 1 h.
- Medios aéreos Embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 h.

ANEXO V. CONTIDOS MÍNIMOS DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN PREVENTIVAS

Os contidos mínimos do Programa de Actuacións Preventivas (PAP) serán os seguintes:

F) Ámbito de actuación das actuacións preventivas:

Realizaranse os traballos de prevención de incendios, dentro do ámbito municipal da mancomunidade, en

- Vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Superficies sobre as cales a mancomunidade teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición.
- Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.

G) Tipos de traballo obxecto de axuda:

Brigadas: Consistirán en actuacións manuais, en zonas non mecanizables, mediante tratamentos silvícolas, como rozas, rareos e posterior eliminación de restos.

Tratamentos preventivos: Consistirán en actuacións mecanizadas mediante desbroces ao obxecto de diminuír a carga de combustible.

H) Xustificación das superficies obxecto de actuación:

As actuacións a realizar atenderán ao previsto na planificación do Distrito Forestal en materia preventiva. e deberán estar en concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal e Municipal, de existir estes (e tamén co PLADIGA).

Debe existir unha xustificación, que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e discontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.

I) Táboa resumo de superficies obxecto de actuación

Deberá incluírse unha táboa resumo coas superficies de actuación proposta en hectáreas desagregando segundo:



- Traballos manuais e mecanizados.
- Parcelas ou vías de actuación coa descrición, cando menos, da parroquia e lugar (potestativamente ref. catastrais ou parcelas SIXPAC)
- No caso de actuacións manuais, a superficie proposta deberase desagregar:
 - Superficie de actuación con pendente inferior ao 50% e diámetro basal da matogueira igual ou inferior a 3 cm (1.121,10€/ha).
 - Superficie de actuación con pendente igual ou superior ao 50% e diámetro basal da matogueira igual ou inferior a 3 cm (1.195,84 €/ha).
 - Superficie de actuación con pendente inferior ao 50% e diámetro basal da matogueira comprendido entre 3 e 6 cm (1.464,90 €/ha).
 - Superficie de actuación con pendente igual ou superior ao 50% e diámetro basal da matogueira comprendido entre 3 e 6 cm (1.793,76 €/ha).

J) Cartografía

Cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1: 5:000, ou no seu defecto 1:25:000 no que se reflectan as actuacións preventivas propostas. A escala desta documentación non terá que verse alterada por ampliacións ou reducións de fotocopiado.